

Club de Fútbol Xuvenil Erizana (1950-1960): unha década bisagra dentro do réxime franquista.

Roberto Garrido Pereira

Autor para correspondencia: Berto_GP@hotmail.com

Como citar este artigo: Club de Fútbol Xuvenil Erizana (1950-1960): unha década bisagra dentro do réxime franquista. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 55-70

Resumo

No presente artigo, partindo da fundación dunha organización deportiva como é o Club de Fútbol Xuvenil Erizana, en xaneiro de 1950, analízase a relación existente entre o fenómeno deportivo e a sociedade baionesa na década dos cincuenta, una década "bisagra" dentro do período franquista. Trátase dun traballo onde se prioriza a perspectiva social e cultural da historia do deporte: os aspectos de sociabilidade dos grupos humanos, o impacto do sistema deportivo na vida cotiá das persoas, a vinculación entre ideoloxía, política e fenómeno deportivo. En definitiva, a incidencia do deportivo na sociedade en xeral.

Palabras clave: Deporte, Baiona, Franquismo, década dos cincuenta, Club de Fútbol Xuvenil Erizana, Falanxe, Igrexa, Rvdo. Fernando Muñoz Arosa.

Abstract

In this issue, starting from the foundation of a sports organization such as the Erizana Youth Football Club, in January 1950, the existing relationship between the sports phenomenon and Bayonne society in the fifties, a "hinge" decade within the Franco period, is analyzed. This is a work that prioritizes the social and cultural perspective of the history of sport: the sociability aspects of human groups, the impact of the sports system on people's daily lives, the link between ideology, politics and the sporting phenomenon. In short, the incidence of sports in society in general.

Keywords: Sport, Bayonne, Francoism, decade of the fifties, Erizana Youth Football Club, Falange, Church, Rvdo. Fernando Muñoz Arosa.

1. Contexto socio-político de España e do municipio de Baiona na década de 1950.

Antes de acometer a entrada do fenómeno futbolístico na vila de Baiona na década de 1950 e a súa repercusión social, resulta necesario facer unhas consideracións previas relativas á situación que vive o municipio, dentro do contexto socio-político de España nestes momentos.

O final da Segunda Guerra Mundial, coa vitoria dos Aliados fronte ás tropas nazis de Hitler, supuxo a primeira

gran crise do réxime franquista. Tras a derrota das potencias do Eixo en 1945, España foi en gran medida considerada polo exterior como o último bastión do fascismo e, por conseguinte, sometida a un boicot diplomático e económico polas Nacións Unidas. Como ben sinala Paul Preston (2015), "todo o peso da maquinaria propagandística de Franco lanzouse á tarefa de reescribir a historia do papel que xogara o Caudillo durante a Segunda Guerra Mundial. Durante o resto da súa vida afirmaríase que xamais considerara a idea de entrar na devandita guerra". Dito doutra maneira, o aparello propagandístico de Franco dirixiuse a

partir deste intre a divulgar a idea de que España non participara na contenda grazas á habilidade do Caudillo, que conseguira manter a neutralidade do país. Unha realidade ben distinta da orixinal e que non calou entre as principais potencias mundiais que vinculaban claramente a Hitler e a Mussolini co caudillo español: “Mentres o xeneral Franco siga gobernando en España, o pobo español non pode esperar unha completa e cordial asociación coas nacións do mundo que, nun esforzo común, conseguiron a derrota do nazismo alemán e do fascismo italiano, os cales axudaron ao actual goberno español no seu ascenso ao poder e aos que, como réxime, tomou como modelo”¹.

Franco volveu as críticas ao seu favor, presentándoas como a obra da conspiración masónico-comunista dirixida a destruír España. Ademais, desprezaba o bloqueo anglosaxón por consideralo produto dos celos debido a que, afirmaba: “España es ahora independiente, políticamente libre, vigorosa y en ascenso, y dado que es una España desconocida desde el espolio de Utrech (una referencia a la pérdida de Gibraltar) y ello enoja y duele a los ingleses”, por tanto, “la única fórmula para nosotros no puede ser otra que: orden, unidad y aguantar. Buena acción policial para prevenir cualquier subversión; enérgica represión si se produce, sin temor a las críticas de fuera, pues más vale castigar duramente una vez que no dejar de corregir el mal”².

A pesar destas proclamas patriótico-triunfalistas, Franco comprendeu que, para librarse deste purgatorio, necesitábase un proceso de cambio de imaxe do réxime, en símbolos como, por exemplo, o saúdo fascista, que debía facerse antes de cada partido³, ou a utilización, por parte da selección nacional, de camisas azuis, no canto das súas habituais camisas vermellas. Unha imaxe (Shaw, 1987: 17):

En la tarde del caluroso domingo 25 de junio de 1939, el Sevilla y el Racing de Ferrol disputaron la



A Selección Española, antes do partido amigable España-Francia de marzo de 1942, en Sevilla

1 Declaración conxunta de Estados Unidos, Gran Bretaña e Francia feita o 4 de marzo de 1946 e recollida en González Aja (2002: 188).

2 *The Times*, 9 de xuño de 1946 en González Aja, T. (2002: 188).

3 Na reunión do gabinete do 7 de setembro de 1945, derogouse a oficialidade do saúdo fascista.

final de la Copa del Generalísimo en el estadio de Montjuich de Barcelona. Habían pasado menos de tres meses de la conclusión de la Guerra, y menos de cinco desde la rendición de Barcelona al general Yagüe. Los dos equipos se alinearon antes del comienzo del partido y elevaron el brazo derecho para hacer el saludo fascista. Pocos segundos más tarde por los altavoces del estadio irrumpió el himno de batalla falangista “Cara al Sol”. Los jugadores empezaron a cantar entusiastamente, y la multitud que llenaba el estadio —donde había muchos militares— pronto les siguió, de pie, con los brazos en alto y cantando como un solo hombre.

Este foi o período coñecido co nome de “azul”, propiciado polo xeneral Moscardó, quen estaba á fronte da Delegación Nacional de Deportes, de quen dependía a Real Federación de Fútbol, que á súa vez estaba dirixida por falanxistas (con funcións moi limitadas), que ocupaban o cargo debido á súa condición de tales e non ás súas capacidades directivas ou ao seu coñecemento do mundo do fútbol. A Falanxe consideraba este deporte como un medio excelente para mobilizar as masas baixo a súa bandeira, para reflectir os tradicionais valores hispánicos “virís e impetuosos”, e, sobre todo, para demostrarlle ao mundo o impresionante poder e o potencial da súa “nova España”. Con todo, na famenta España, todas estas aspiracións estaban abocadas ao fracaso.

O 31 de outubro de 1950 a Comisión Política ad hoc da ONU, reunida en Lake Success (Nova York) votou a favor de derrogar a resolución de decembro de 1946 sobre a retirada dos embaixadores. O 4 de novembro de 1950, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, reunida en Flushing Meadow, votou a autorización do regreso dos embaixadores a Madrid por 38 votos a favor, 10 en contra e 12 abstencións. En Madrid isto foi proclamado como unha vitoria española e polo propio Franco como un recoñecemento internacional a plena escala⁴. A partir deste momento, España inicia o camiño cara á integración gradual na comunidade internacional e a alianza militar occidental, asinándose en 1953 o acordo de bases cos Estados Unidos e o Concordato coa Santa Sé, converténdose este ano no momento cume da vida de Franco. O establecemento de vínculos cos Estados Unidos reduciron as presións exercidas desde fóra e dentro do Réxime, tanto ao frear un maior declive no nivel de vida como ao permitir unha reanimación da propaganda da cruzada anticomunista que axudou a manter vivo o espírito da Guerra Civil. Non cabe dúbida de que despois de asinar o Pacto de Madrid, Franco sentiu que afianzara o seu réxime. A consolidación definitiva terá lugar o 14 de decembro de 1955, coa entrada de España na ONU. A guerra de guerrillas terminara, excepto polos esporádicos brotes de resistencia urbana, principalmente dalgúns anarquistas illados de Barcelona. O enorme investimento en terrorismo de Estado entre 1939 e 1945 estaba a dar os seus beneficios en forma de apatía política

4 *Arriba*, 5 de novembro de 1950.

por parte do groso da poboación. Os opositores de Franco aprenderan a lección, e a tortura, o encarceramento e as ocasionais execucións servían de recordatorio para aqueles que o esquecían. A Garda Civil e a policía secreta realizaban incansablemente o seu pavoroso labor, desmantelando os esforzos clandestinos destinados a reconstruír os partidos e sindicatos (González Aja, 2002: 191).

Dentro deste contexto de consolidación do réxime a nivel internacional, a situación social da Galicia da década dos cincuenta, e en concreto do municipio de Baiona, non era nada favorable nin prometedora⁵, aínda que si se percibían algúns cambios. Antonio de Mauricio (2001: 369), baionés recoñecido, describía a situación do municipio nestes anos da seguinte maneira:

Los que hemos nacido en el primer tercio de este siglo nos damos perfectamente cuenta de lo mucho que Bayona ha evolucionado en todos los aspectos a partir de los años cincuenta. Aquella villa marinera-pescadora estaba totalmente estancada o dormida y comenzaba a despertar. Las perspectivas turísticas y su futuro que a finales del siglo pasado se habían cimentado con el antiguo Balneario, resurgían ahora con fuerza y había que aprovecharlo a lo sumo.

Trátase, esta última, dunha descrición que pode levarnos a un erro interpretativo, se consideramos que a situación do pobo baionés nestes momentos era de vitalidade e esplendor, marcando unha ruptura co período anterior, coñecido como primeiro franquismo. Nada máis lonxe da realidade, a situación social da Vila nestes anos seguía sendo tremendamente complicada para o cidadán de a pé, o cal tiña tremendas dificultades para chegar a final de mes, debido fundamentalmente a unha economía estancada e favorecedora das fames que caracterizan boa parte da ditadura franquista: “chegabamos a final de mes roendo moitas codias de pan de millo”⁶. A desaparición das cartillas de racionamento no ano 1952 deu lugar ao famoso mercado negro, que non facilitaba, en absoluto, a compra dos produtos nos comercios de alimentación, debido ao seu prezo abusivo. Así consta no “Libro de Actas del Pleno” dos anos 1953-57, onde figura a denuncia de diversos veciños polo prezo abusivo dos alimentos de primeira necesidade⁷.

A estas fames negras que seguen azoutando o municipio, debemos engadir as dificultades do mesmo en materia educativa⁸. Como adoita ser habitual dentro da ditadura franquista, existe unha realidade lonxe da retórica oficial. De modo que, mentres, as diferentes publicacións afíns ao

réxime reflicten nas súas portadas consignas como “El ministro de Educación Nacional conversa con los periodistas sobre las tareas de su Departamento. El propósito de crear escuelas en masa se haya reflejado en el nuevo presupuesto”⁹, ou “El Gobierno Español está dispuesto a acabar con el analfabetismo. Para ello proporcionará y estimulará los planes que a este fin se formulen”¹⁰. A Vila de Baiona padece unha porcentaxe moi elevada de analfabetismo, resultado da ineficacia da ditadura e a carencia de escolas para a educación de todos os nenos da Vila. Na “Sesión do Pleno do día 18 de febreiro de 1954” xa se fai constar a insuficiencia das escolas existentes no municipio:

Por el Señor Alcalde se manifiesta al Pleno que el número de escuelas unitarias de niños en Bahiña, Sta. Cristina y Bayona, resulta actualmente insuficiente para que la enseñanza esté debidamente atendida teniendo en cuenta el censo de población de dichas parroquias; por cuya razón será necesaria la creación de una escuela más en cada una de dichas parroquias, si se quiere que la lucha contra el analfabetismo de sus frutos. Enterado el Pleno acuerda por unanimidad solicitar del Ministerio de Educación Nacional la creación de estas escuelas¹¹.

Con todo, o problema vai continuar sen resolverse neste pequeno municipio, como así podemos comprobar a través dun interesante artigo titulado “O problema escolar” e publicado en *El Pueblo Gallego* o día 12 de febreiro de 1955:

En todos los pueblos tendremos siempre problemas de ardua resolución, pero este de la enseñanza lo conceptuamos como el más indispensable y urgente de todos. Hace muchos años se dedicó a la enseñanza un local para una escuela, pero, hasta la fecha, no ha sido inaugurada, pese a la necesidad apremiante de locales que reúnan las mínimas condiciones para tal fin. No hace muchos días se publicaban en este periódico las disposiciones gubernativas referentes a la obligatoria asistencia al colegio de los niños en edad escolar, así como de las autoridades por velar por esta asistencia. ¿Se ha preocupado alguien del cumplimiento de estas disposiciones? Hasta ahora nadie. Sin embargo confiamos en que nuestras autoridades dándose cuenta del grave perjuicio, tanto moral como material, que les ocasiona a los niños la falta de instrucción, se ocuparán de solucionar este problema.

Á marxe das dificultades existentes na vila na década dos cincuenta, e as cales pasan un tanto desapercibidas para Antonio de Mauricio (2001: 358), un escritor que afirma que “en aquela guerra del 36 entre hermanos, en la cual,

5 Para coñecer o proceso de fractura e atraso tecnolóxico que supuxo a ditadura franquista, Fernández Prieto, L. (2007).

6 Entrevista Antonio Goce Refojos (Cabecitas).

7 “Sesión do 24 de setembro de 1953”. Libro 1953-57, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 Nº 56) Arquivo Municipal de Baiona.

8 Resulta interesante un pequeno artigo titulado “El problema de la enseñanza en Galicia” publicado en *El Pueblo Gallego* do 25 de xullo de 1950.

9 *El Pueblo Gallego*, 29 de decembro de 1953.

10 *El Pueblo Gallego*, 13 de maio de 1955.

11 “Sesión do 18 de febreiro de 1954” Libro 1953-57, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 Nº 56) Arquivo Municipal de Baiona.

tanto en una parte como en la otra, se han cometido verdaderas atrocidades que es mejor no recordarlas”, si que é certo, como dicíamos un pouco máis arriba, que se empezan a albiscar algúns cambios (Mauricio 2001: 370):

Muchos marineros romperían filas a mediados de siglo dejando atrás la captura de la sardina y el remo de la gamela durante todo el invierno; unos se despegarían del terruño yéndose a la pesca de altura; a la marina mercante otros y algunos se emplearían en la Citróen de Vigo y en otras industrias de tierra. Nos acordamos con cierta nostalgia de aquellas pequeñas lanchas y de casi aquella veintena de barcos, algunos de ellos de otros puertos de la península del Morrazo y Vigo, los cuales tripulados por una media de 40 hombre se hacían a la mar poco antes de que se pusiera el sol, para regresar a la mañana siguiente. Ofrecían un gran espectáculo cuando comenzaban a desfilar unos tras otros hasta perderlos de vista por la Punta o Torre de la Tenaza de Monte Real y se esperaban con gran expectación, calculándose la “calada” (captura) que portaban por lo mucho o poco que venían metidos de popa y por la cantidad de pescado que algunos cargaban a veces a proa cuando la pesca era abundante, atracando al muelle para descargar el aparejo e irse luego a vender la “calada”.

Entre as obras máis destacadas ao longo destes anos, estaría a Praza de Abastos, que faría desaparecer a Praza de Peixe con carnicerías, situada entre o Parque da Palma e a Praia Ribeira e tamén a venda dos produtos do campo que se desenvolvía na Praza de Pedro de Castro, así como o da venda de leña e piñas que se facía na Praza do Convento, hoxe Padre Fernando, ao centralizar na nova praza todas as actividades, evitando desta sorte o ter que acudir a varios sitios para abastecerse dos distintos artigos (Mauricio, 2001: 371).

Ademais, acondicionáronse e remodeláronse camiños veciñais e algúns tramos de estrada no rural; asentáronse



Campo da Palma, anos cincuenta. O Padre Fernando, fundador do "XUVENIL ERIZANA", co recentemente formado equipo de nenos. Entre outros: Toñito López, Manolo Lafuente, Emilio, Sito Calero, Dardo, Fael... Publicación de Luis Alberto Rey Lama

fontes e lavadoiros en determinados lugares das distintas parroquias, contando para iso case sempre coa prestación persoal obrigatoria, tan de moda naqueles tempos: “asimismo y con motivo de haber donado el terreno necesario para la construcción de un lavadero y fuente en su propiedad, sita en la Parroquia de Santa Cristina, barrio de Outeiro, por su gran beneficio a los vecinos del lugar citado, el Ayuntamiento acuerda hacer constar en acta su agradecimiento al mencionado Sr. Alonso Miniño, por las facilidades dadas por el mismo para la instalación de la obra referida al donar el terreno de su propiedad en beneficio del vecindario”¹²; e instaláronse novos puntos de luz onde máis se necesitaban, pero sempre insuficientes para poder deambular de noite polos camiños do municipio¹³.

Tratouse por tanto dun período no que se levaron a cabo transformacións dentro do municipio, en boa medida motivadas pola aparición dun novo alcalde, Pereira Troncoso¹⁴, o cal gozaba dunha gran reputación dentro da vila, así como de contactos políticos moi frutíferos no que a cotas de poder se refire.

Nos seus primeiros tempos contou coa colaboración do sacerdote, coadxutor da vila, Fernando Muñoz Arosa, irmán do artista de cinema Carlos Muñoz, quen á vez, “muy político él, al ser muy amigo del Gobernador, Álvarez Solís, motivaría el que se formara un triunvirato y que este diera sus frutos en beneficio del Municipio, porque nadie puede dudar que en aquellos tiempos si no se contaba con un buen apoyo de los de arriba poco podía hacer cualquier alcalde por muy bueno y honrado que fuera” (Mauricio, 2001: 371).

2. Fundación do Club de Fútbol Xuvenil Erizana: Rvdo. D. Fernando Muñoz Arosa. Relación Igrexa-deporte.

Fernando Muñoz Arosa será o encargado de retomar o fútbol e a actividade deportiva na vila, neste contexto de pequenas transformacións que experimenta o municipio baionés. Desta maneira, o 15 de abril de 1950 vai fundar o Club de Fútbol Xuvenil Erizana. Así o fai constar o Semanario deportivo *Erizana*, no seu número do 27 de xuño de 1955: “Y como un enviado del cielo cayó en nuestro pueblo el Rvdo. D. Fernando Muñoz Arosa, dispuesto a llevar a cabo una ingente obra; y su obra abarcaba también la educación física y deportiva de la juventud. Así, el Padre Fernando, como cariñosamente lo llamábamos, creó el Juvenil Erizana, que hace un par de meses, justamente el 15 de abril, cumplió brillantemente su primer lustro de vida”¹⁵.

12 “Sesión do 27 de marzo de 1952” Libro 1949-53, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 N° 56) Arquivo Municipal de Baiona.

13 “Sesión do 8 de febreiro de 1951” Libro 1949-53, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 N° 56) Arquivo Municipal de Baiona.

14 José Pereira Troncoso, logra a alcaldía o 8 de xuño de 1951. “Sesión extraordinaria do concello pleno do día 8 de xuño de 1951” Libro de Actas del Pleno 1949-53 (Clasifi. 1.1 N° 56) Arquivo Municipal. de Baiona.

15 *Erizana*, Semanario deportivo 27 de xuño de 1955.

O certo é que falar do Rvdo. Fernando Muñoz Arosa é facelo dunha das persoas máis influentes e con máis poder dentro da vila nestes momentos. A pesar da súa mocidade, nace o sete de agosto de mil novecentos dezanove, gozaba dun poder e un prestixio social único dentro do municipio. Natural de Vigo e de familia acomodada, formouse no Seminario de Tui, e con só vinte e cinco anos foi destinado á histórica vila baionesa, onde sería capelán do Convento das Madres Dominicanas. Fundador da “*Obra Social Asistencial do Rvdo. P. Fernando Muñoz Arosa*”, granxeouse as amizades do pobo ao pouco de chegar á vila. Segundo afirma Antonio de Mauricio (2001: 374),

“su dinamismo, su juventud y su política lo convertirían pronto en el prototipo de hombre imprescindible para todo. Siempre presto al servicio de sus semejantes, no regateaba esfuerzos para colaborar en todo lo que redundara a favor de la población, sobre todo del sector más necesitado. A la casa del Padre Fernando se iba a buscar la medicina gratis, a pedirle el importe del billete del tranvía para desplazarse a Vigo el enfermo que no tenía recursos, a pedirle un colchón o algún producto alimenticio y muchos marineros a solicitarle una gamela por encontrarse la suya vieja y peligrosa para hacerse a la mar cada día. De estas embarcaciones, cuando murió a temprana edad, eran más de noventa las que le habían regalado. En fin...el Padre Fernando lo solucionaba todo. Cuando se le veía traspasar el umbral de cualquier taberna, los marineros se frotaban las manos, porque sus correspondientes tazas de tinto serían pagadas por él y como era también muy amigo de los niños, estos lo seguían a todas partes”

Á marxe desta descrición un tanto paternalista e sentimental de Antonio de Mauricio, é unha realidade que o reverendo levou a cabo un importante labor en beneficio dos máis necesitados. Así o fan constar diferentes veciños da Vila, os cales coinciden en sinalar que “era un deses curas dos que hai poucos. Sempre lles botaba unha man aos mariñeiros e ás persoas que peor o pasaban”¹⁶.

De igual maneira, serven para corroborar esta idea uns documentos que puider atopar no Arquivo Municipal do Concello e que forman parte do *Padroado da Obra Social Asistencial Padre Fernando Muñoz Arosa*¹⁷, onde se recollen toda unha serie de nomes de veciños xunto ao

16 Entrevista Vicente Castro (membro da Confraría de Pescadores de Baiona).

17 O *Padroado da Obra Social Asistencial Padre Fernando Muñoz Arosa* foi creado o 6 de febreiro de 1958, poucos días despois da morte do cura. Presidido polo alcalde, Pereira Troncoso, a súa finalidade sería “proseguir con la obra que venía realizando el Rvdo. Padre Fernando, resolviendo los problemas de la gente menesterosa ayudándola económicamente y consiguiendo fondos para atender dichas necesidades. Su misión primordial es la de gestionar y ayudar moralmente a la obra benéfica citada y conseguir ayuda material para la misma”. “Acta de constitución del Patronato de la Obra Social Asistencial del P. Fernando” Expedientes de beneficencia 1957-1971” (Clasifi. 3.7 N° 729) Arquivo Municipal de Baiona.

material que lles foi doado por parte do novo cura, así como todo o material que había no local da obra asistencial en maio de 1958, tras a súa morte¹⁸:

42 jerséis para hombre, 16 ídem. para niños, 32 faltas para niña, 16 pantalones para niño, 13 mantas, 137 pares de zapatillas, 19 pares de calcetines, 23 madejas de lana gruesa, 14 ídem. de lana fina, 1 traje de niña, 1 lote de ropa usada, 6 pares de agujas de calcetar, 4 carretes de hilo de bordar, 3 máquinas de tejer de lana, 1 máquina de coser Refrey, ídem marca Singer, 2 tijeras, 1 regla milimétrica, 1 mesa grande de pino, dos tableros de ping-pong con caballete, 5 mesas pequeñas, 14 sillas corrientes, 16 cruces de madera, 3 cuadros, 1 crucifijo y 2 gamelas¹⁹.

Támén figuran as cantidades investidas na súa obra social. Unhas cifras elevadas que poñen de manifesto unha importante capacidade adquisitiva ao mesmo tempo que deixan entrever outra cuestión, que é o investimento nun fenómeno, o deportivo, en claro deterioro e precariedade dende a Guerra Civil²⁰:

Inversión	Cantidad investida
Medicamentos	92.310,65
Leite subministrada a enfermos	19.540,00
Utensilios mariñeiros	51.309,20
Tecidos	57.805,05
Gamelas	187.200,00
Deportes	27.904,10
Acción Católica	11.721,00
Virxe da Rocha	36.575,00
Familias mariñeiras	24.700,00
Familias indíxenas	20.900,00
Homenaxe á vellez	10.300,00
Comidas a nenos	3.750,00
3 máquinas de tecer	15.000,00
2 máquinas de coser	10.000,00
La para o taller	35.000,00
Varios	71.128,10
Total	675.143,90

18 Fernando Muñoz Arosa morrería en accidente de moto baixando do Cortelliño o 21 de maio de 1958, con tan só 38 anos de idade. A súa desaparición causaría gran consternación na comarca e sería portada dos principais xornais: “Fallece en accidente de moto el coadjutor de Bayona, Fernando Muñoz Arosa” *El Pueblo Gallego*, xoves 22 de maio de 1958; “muere el Padre Fernando Muñoz Arosa en accidente de circulación” *Faro de Vigo*, xoves 22 de maio de 1958; “lamento por el cura del mar” *La Voz de Galicia*, xoves 22 de maio de 1958.

19 “*Padroado da Obra Social Asistencial Padre Fernando Muñoz Arosa*” Expedientes de beneficencia 1957-1971 (Clasifi. 3.7 N° 729) Arquivo Municipal de Baiona.

20 Elaboración propia a partir do “*Padroado da Obra Social Asistencial Padre Fernando Muñoz Arosa*” Expedientes de beneficencia 1957-1971 (Clasifi. 3.7 N° 729) Arquivo Municipal de Baiona.

A importancia que adquiriu a figura deste cura verase traducida na petición, por parte do Alcalde Pereira Troncoso e da Corporación Municipal, da “Cruz de Beneficencia”, na Sesión de Pleno do 2 de novembro de 1954:

Por el S. Alcalde se manifiesta que la Corporación en Sesión ordinaria del día 2 del corriente, acordó solicitar la concesión de la Gran Cruz de Beneficencia para el S. Coadjutor Fernando Muñoz Arosa. Dice el Sr. Alcalde que el acto celebrado recientemente, donde se le hizo entrega de una Moto-Vespa obsequio de los vecinos y protectores de su magnífica obra Benéfico-Social cuyo acto constituyó una verdadera manifestación de simpatía y admiración al Padre Fernando, se pidió a las Autoridades Locales se hiciesen las gestiones pertinentes para que le fuese concedida la “Gran Cruz de Beneficencia”²¹.

Será concedida o dezaioito de outubro de 1957, entre “una gran expectación”²².

É neste contexto de figura destacada na contorna onde decide levar a cabo un investimento en deporte de 27.904,10 pts, boa parte do mesmo destinado á creación do Club de Fútbol Xuvenil Erizana. Esta relación Igrexa-Deporte non debe sernos descoñecida nin sorprendente²³, xa que a Educación Física, no ensino regrado, e o deporte, tanto no ensino regrado como extraescolar, utilizáronse de forma conveniente para cumprir con maior eficacia as accións de adoutramento e encadramento. As posibilidades do deporte como convocador de masas, como aglutinador de intereses e como factor de desenvolvemento económico non pasaron nunca inadvertidas para os órganos de poder no franquismo: exército, falanxe e igrexa católica. É considerado “un medio de participación en la vida pública, un instrumento para la puesta en práctica de planteamientos y filosofías educativas basadas en la formación por la acción” (Vizuela Carrizosa, 1996: 63). Segundo o xeneral Moscardó (Moscardó, 1941:21)), “delegado nacional de Deportes de FET y de las JONS”, o deporte,

[...] por su poder extraordinariamente educativo, se ha convertido en la actualidad en arma de gobierno, que todos los pueblos esgrimen cuando piensan en la formación de sus juventudes.

Por esta razón, o control do deporte por parte da Falanxe era considerado unha materia de acción política, tanto para a integración da mocidade na disciplina do partido como

21 “Sesión do 2 de novembro de 1954” Libro 1953-57, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 Nº 56) Arquivo Municipal de Baiona.

22 “Padroado da Obra Social Asistencial Padre Fernando Muñoz Arosa” Expedientes de beneficencia 1957-1971 (Clasifi. 3.7 Nº 729) Arquivo Municipal de Baiona.

23 Para coñecer como foi a aceptación por parte da igrexa –remisa a principios de século- das prácticas deportivas, “Do púlpito ao estadio: o catolicismo deportivo” en Domínguez Almansa, A. (2009: 289-299).

para derivar cara ao deportivo unhas atencións que podían resultar perigosas se se concentraban noutros problemas. Esta formulación tivo un referente na Alemaña de Hitler, na que a organización deportiva estaba a cargo da Sección do Partido Nacional-Socialista para o Exercicio Físico (NSRL).

No caso de España, a Xefatura do Estado creou a DND (Delegación Nacional de Deportes), á cal se lle encomendou a dirección e o desenvolvemento do deporte español, así como a dirección e representación do deporte nacional e a organización da participación de España nos Xogos Olímpicos. No Decreto de 1941 houbo discrepancias para delimitar que organismo dentro do partido debía controlar a Educación Física e o deporte dende a escola primaria, decidíndose finalmente que tanto o *Frente de Juventudes* como a Sección Feminina tiñan todas as competencias sobre o ámbito educativo e sobre as idades inferiores aos 21 anos²⁴. Máis adiante, concretamente en 1956 e coa chegada do novo delegado nacional, José Antonio Elola Olaso²⁵, quíxose dotar a este organismo dun carácter máis técnico e menos politizado, nun proceso de “desfalanxistización”, que xa adoptara o Movemento, cun control máis efectivo sobre as federacións deportivas e os clubs, pasando a denominarse Delegación Nacional de Educación Física e Deportes²⁶.



A Palma, 1950. Un dos primeiros equipos do “XUVENIL ERIZANA”. De pe: Moncho, Manolo, Balbino, Nando, “Chalana”, Avelino e “Cabe-citas”. Agachados: Ramón, José Cedira “Papelitos”, Loro e Villamarín.

24 Decreto do 22 de febreiro de 1941 da Xefatura do Estado, art. 7, de Creación da Delegación Nacional de Educación Física y Deportes de FET y de las JONS.

25 José Antonio Elola-Olaso e Idiacaiz (n. Tandil, 28 de xuño de 1909 - Madrid, 23 de abril de 1976) foi un recoñecido político español, procurador nas Cortes Españolas durante as dez lexislaturas do período franquista. Licenciado en Dereito pola Universidade de Valladolid, exerceu a avogacía en Madrid. Combateu durante a Guerra Civil Española no Bando nacional. Foi xestor da Deputación de Guipúzcoa, de cuxa provincia era oriúndo, e logo gobernador civil de Cidade Real e de Sevilla. Ocupou diferentes cargos dentro da Xunta Política da Falanxe Española. Entre 1941 e 1955 foi Delegado Nacional do *Frente de Juventudes*. Foi concelleiro do Concello de Madrid, Conselleiro Nacional do Movemento e Procurador en Cortes. En 1956 foi nomeado Presidente do Comité Olímpico Español e Delegado Nacional de Educación Física e Deportes (actual Consello Superior de Deportes). Á fronte deste último organismo puxo en marcha a Mutualidade Xeral Deportiva, as Residencias Blume, as Xuntas Provinciais de Educación Física e o Instituto Nacional de Educación Física. Abandonou ambos cargos en 1967.

26 Decreto do 17 de maio de 1956. BOE do 17 de xuño. Creación da Delegación Nacional de Educación Física e Deportes.

O seu profesorado, formado tanto polo *Frente de Juventudes* como pola Sección Feminina, converteuse nunha nova clase, entre política e técnica, nacida dentro do franquismo cunha dobre dimensión: a educativa escolar e a acción política a través do deporte en distintos medios sociais, xa fosen sindicatos, federacións deportivas ou clubs. A entrada nos diferentes centros educativos dun persoal non relacionado con ese ámbito, senón co político, produciu malestar, sobre todo nas institucións relixiosas que controlaban gran parte do sistema educativo español da época, e provocou unha “instrumentalización de las actividades físicas y de los deportes para convertirlos en actividades públicas de masas, que justificaban la política de juventud emprendida” (Manrique Arribas, 2011: 243). Os centros relixiosos víronse en principio apartados da organización de actividades e competicións deportivas, co que perdían así un bo recurso para dar unha imaxe de progresismo educativo e un reclamo para as clases medias e altas das que se fornecía a súa matrícula. Con todo, as autoridades relixiosas influíron todo o que puideron para deixar constancia do toque nacional-católico que se lles debía dar a esas actividades deportivas. Os asesores relixiosos de calquera institución política, educativa e de traballo procederon a marcar o “estilo” a seguir en canto á maneira de vestir cando se realizaban actividades físicas, influíron sobre cales eran as actividades propias de cada sexo e condicionaron os horarios das actividades e competicións en domingos e festivos. A dirección dos centros relixiosos viron como reclamo publicitario que os seus equipos obtivesen bos resultados nos Campionatos Escolares, polo que realizaron grandes investimentos nos seus colexios para mellorar as instalacións deportivas e contratar persoal especialmente preparado nos diferente deportes e con boa imaxe entre a sociedade para atraer as familias de clase media española (Manrique Arribas, 2011: 244).

O reverendo Muñoz Arosa foi moi consciente desta capacidade do fenómeno deportivo como aglutinador de masas e medio de adoutrinamento e encadramento. Contemplaba a práctica deportiva como un instrumento óptimo para afastar o común das xentes dos considerados vicios máis perversos: as tabernas, os cinemas e os bailes. Desta maneira, prodúcese unha utilización do deporte como unha



Campo de A Palma, XUVENIL ERIZANA, anos cincuenta. Xa aparece o masaxista Alfredo “Michiva”, que ocuparía este posto durante mais de medio século. Publicación de Luis Alberto Rey Lama.

arma para combater algúns dos elementos máis significativos da vida moderna que caracterizaban a vida anterior á Guerra Civil. Unha realidade que aparece reflectida nas Actas Municipais de Plenos do Concello de Baiona:

Se dio cuenta del escrito presentado por el Sr. Coadjutor de la parroquia de esta villa, D. Fernando Muñoz Arosa, solicitando que se le conceda un local donde puedan reunirse los jóvenes de esta villa para sus esparcimiento y recreo, con juegos, deportes y ocupaciones y diversiones honestas, de cuya forma y al mismo tiempo que se eleva el nivel cultural de la juventud, se evitarían los peligros que para ella tienen las reuniones en otros lados, como cafés, tabernas etc. El Pleno teniendo en cuenta los fines perseguidos por el solicitante acuerda conceder el salón desocupado en la planta alta del edificio de la Consistorial²⁷.

A preocupación pola mocidade foi moi recorrente ao longo de toda a ditadura, xa que se tratou dun grupo social especialmente atractivo para calquera tipo de Estado e para os seus grupos de poder. A forza deste colectivo, como dinamizador de condutas que se adaptan a cada contexto social e histórico, reside na súa facilidade para captar e asimilar as premisas ideolóxicas. Con todo, é especialmente sensible se ditas premisas non concordan cos seus intereses e pensamentos, pasando á crítica e desestabilización da orde establecida. Ao longo da historia, os réximes totalitarios, entre os que incluímos o franquismo, pretenderon abordar a estratexia de facer política pola mocidade. Neste caso “se busca máis dirigir que colaborar, puesto que, por un lado, se trata de mejorar el bienestar individual y social de los jóvenes, pero, por otro, deben ser bien encuadrados para recibir las convenientes consignas que aseguren su fidelización al régimen” (Manrique Arribas, 2011: 233). Por tanto, podemos dicir que aplicando esta socialización política da mocidade, os seus integrantes converteríanse na canteira de cidadáns, convenientemente instruídos, que garantisen a permanencia e a estabilidade do Estado.

O Club de Fútbol Xvenil Erizana, tamén coñecido como os “*Diablos Rojos*”, trátase dun club de fútbol que empeza a xogar partidos en 1950 para converterse rapidamente no mellor equipo modesto de toda a provincia, como así o testemuñan os seus diferentes títulos e a súa indiscutible superioridade na liga Baixo Miño-Val de Miño²⁸.

²⁷ “Sesión do 18 de febreiro de 1954” Libro 1953-57, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 Nº 56) Arquivo Municipal de Baiona.

²⁸ Na década de 1950 logra facerse cos seguintes trofeos: “Copa Faustino Álvarez”, “Copa Alcalde Pontearas”, “Trofeo Afición Bayona-La Guardia”, “Copa Ramallosa”, “II trofeo San Roque”, “Trofeo Campión Comarcal del Bajo Miño-Valle Miño 1951-1952”, “Copa 18 de Julio”, “Copa Cía. Transoceánica Argentina”, “Trofeo Sub-campión Telefunken”, “I Trofeo Virgen de la Roca”, “Trofeo Campión Bajo Miño-Valle Miño 1952-1953”, “Trofeo Pro-Clínica de la Mutualidad deportiva”, “Trofeo Campión Valle-Miño 1953-1954”, “Trofeo Sub-Campión Comarcal del Bajo Miño-Valle Miño 1954-1955”. *Erizana*, Semanario deportivo 27 de xuño de 1955.



1953. "XUVENIL ERIZANA", Campión Liga Comarcal. De pe: Urbano Montaña, Alvarito, Darío Maciel, Suso Cedeira, Jesús Goce "Rato", Antonio Goce "Cabecitas", Fino e Andrade (entrenador). Agachados: Arturo Blach "Mekerle", Tomás Vilar, José Goce "Lanina", Madeo e Herminio "Piti". Publicación de Luis Alberto Rey Lama.

A pesar de ser campión, non poderá ascender á Serie A (3ª División actual) por non dispoñer dun campo pechado, unha cuestión que trataremos máis adiante e que pon de manifesto o pouco interese prestado polo estado franquista cara ao fútbol modesto, aínda que pregoasen todo o contrario nas principais publicacións españolas do momento.

Seguidamente, á marxe de centrarnos nesa lista insulsa dos títulos gañados, dos trofeos "heroicamente" logrados e de todas as glorias que foron e serán, que adoitan ser un loor esaxerado do éxito e un agochamento sistemático do fracaso, analizarase quen compoñía o equipo e quen o dirixía, como se constituía nun verdadeiro símbolo de identidade para este pobo baionés e como se formou unha rede de poder e sociabilidade arredor do mesmo.

3. O Club como símbolo de identidade e instrumento en man dos poderes establecidos. O caso do Semanario deportivo *Erizana*.

Na década dos cincuenta, o fútbol formaba parte do tecido social e político da ditadura, da chamada "cultura de evasión", e o seu impacto na vida diaria estaba á vista de todos. Era a disciplina que dominaba a vida deportiva do español medio, chegando a denominarse o "deporte rei". Con todo, debemos ter claro que nestes momentos o español medio era máis un espectador que un practicante. Os enormes problemas laborais e a falta de infraestrutura deportiva facían imposibles. España converteuse nun país onde se lle daba moita importancia ao deporte, pero non como quereía a Falanxe. Mentres as poucas pistas e outras instalacións que existían eran moi pouco usadas, as masas acudían en multitude aos impresionantes estadios (construídos polos clubs de fútbol privados con moi pouca axuda da DND) a admirar as estrelas estranxeiras importadas.

Así e todo, non van faltar clubs modestos nas diferentes comarcas galegas. Uns clubs –como é o caso do Xuvenil Erizana– formado en su totalidade por jogadores vecinos de Bayona, en su mayoría gentes marineras que alternan las ru-

das faenas del mar con el deporte, al que se entregan de una manera desinteresada y noble en defensa de sus colores"²⁹. Conformaban a súa plantilla: Chamorro, Vasco, irmáns Barreiro, Fernando, Mekerle, Eladio, Roberto, Quin, Nando, Latorre, Alvarito, Madeiro, Lanina, Intre, Petit, Montaña, Raúl, Isaac, Marcote, Mario, Suso, Cedeira, Tomás, Darío, Piti, Cabecitas, Galeón e Fino.

Os membros deste equipo, dunha idade comprendida entre os vinte e os vinte e cinco anos, como así figuraba nas ordenanzas que rexían a Competición de Liga Baixo Miño-Val Miñor, foron na súa maioría mozos con profesións moi humildes, que sentían predilección polo conxunto que representaba a súa comunidade³⁰:

Xogadores	Idade	Profesión
Herminio Vilar Leyenda (Piti)	34	mariñeiro
Marcote Martínez	33	carpinteiro
Jesús Cedeira Vasconcellos (Suso)	34	mariñeiro técnico
Antonio Goce Refojos (Cabecitas)	34	mariñeiro
Manuel Álvarez Rodríguez (Galeón)	35	albanel
Urbano Montaña Miranda	34	carpinteiro
Isaac Rodríguez Pedreira	33	mariñeiro

Algunhas entrevistas recollidas no semanario *Erizana* corroboran esta mesma idea: "No hace falta que preguntes el interés que pongo en defender estos colores para mi sagrados; además excuso decirte que por desgracia no te salga el partido al gusto de la afición, en una semana es preferible no salir de casa por no oír los comentarios, y lo malo es que a veces tienen toda la razón"³¹. Nesta mesma liña, "Cabeci-



1954. "XUVENIL ERIZANA", 1954. Campión Liga Comarcal. De pe: Ayú (entrenador), Urbano Montaña, Arturo "Mekerle", Quin "Canero", Madeo, Darío Maciel, Isaac, Fino e Victorino Goce (presidente). Agachados: Jesús Goce "Rato", "Papelitos", Lalo, "Lanina" e Herminio "Piti". Publicación de Luis Alberto Rey Lama.

²⁹ *Erizana*, Semanario deportivo 27 de xuño de 1955.

³⁰ Elaboración propia a partir do "Censo Electoral de 1965" Censos Electorales 1852-1974 (Clasifi. 3.13. Nº 830) Arquivo Municipal de Baiona.

³¹ Entrevista a Isaac Rodríguez Pedreira, *Erizana*, 28 de marzo de 1955.



Anos cincuenta. Equipo de veteranos de Baiona. Arriba: Solleiro, Pepe Núñez, Jesús Marcote, Manuel Chamorro e Lalo Vasconcellos. Abaixo, entre outros: "Lanina", "Nolete", Lolo, Nanito... Publicación de Luis Alberto Rey Lama

tas" aseguraba que "era un orgullo xogar no Erizana e representar o pobo Baionés tódolos fins de semana. O traballo non mar, non permitía adestrar duramente, pero aínda así eramos un equipo imbatíbel e ao que todos temían"³² "cada domingo os homes chegados do mar apartabamos os aparellos e centos de almas a animar os seus, a animar o Erizana de Piti, Darío, Isaac, Papelitos, Mekerle, Lanina Tomás, Montaña, Fino, José Antonio..."³³

Estes pequenos clubs modestos que xorden nos diferentes municipios galegos ao longo dos anos cincuenta, van depender da acción privada de determinados individuos e convértese nun verdadeiro símbolo de identidade. Como sinala Domínguez Almansa (2009: 391), "a existencia do club potencia o sentimento de pertenza a un grupo singularizado e cohesionado a través de, canto menos, tres mecanismos:

1. A necesidade de sustentalo colectivamente, establecendo os asociados vínculos pseudofamiliares, garantindo así a súa perdurabilidade.

2. A manifestación pública dá súa existencia, organizando en determinados espazos urbanos partidos entre os propios socios.

3. O apoio e a solidariedade manifestada, como xogadores ou seguidores, no enfrontamento contra outros equipos nun cada vez maior número de torneos".

A tendencia común, xa dende a década dos vinte, no marco de cidades que están a experimentar un incremento poboacional e, ao mesmo tempo, unha nova configuración territorial mediante un proceso de expansión e mesmo de anexión doutras entidades municipais ata o de agora independentes, foi a consolidación de dous grandes clubs, que ademais de disputarse honras deportivas, competían por erixirse en líderes do espazo urbano que compartían, arrastrando tras de si colectivos con aspiracións e identidades diversas³⁴.

32 Entrevista Antonio Goce Refojos (Cabecitas).

33 Entrevista a Antonio Goce "O Cabecitas" en Vilar Pedreira, Xose Lois (2004).

34 Un exemplo claro é a rivalidade existente entre o Deportivo da Coruña –ou o seu precedente Deportivo de Sala Calvet- e o Coruña, ou o

O mundo vilego non quedou á marxe destas confrontacións, como o pon de manifesto a rivalidade que nace a finais dos anos vinte entre o Bayona Sporting Club e o Gondomar C. F., con enfrontamentos deportivos mediatizados por confrontacións políticas, nun contexto no que latexaba con forza a rede caciquil e no que xurdían movementos de oposición a esta de diversa índole³⁵. Unhas desavinzas político-futbolistas que se atopan inseridas nun marco caracterizado polas malas relacións entre a vila baionesa e o municipio gondomarés, que aspira a facerse cun maior peso e protagonismo, acorde co seu desenvolvemento.

Tralo período de dificultade e de crise que supón o fin da Guerra Civil e pola que atravesamos o fútbol profesional en xeral e máis concretamente o modesto, na década dos cincuenta retómase a actividade futbolística no Val de Miñor, e con ela a rivalidade existente entre estes dous conxuntos, feito que favorecerá un sentimento de pertenza á comunidade que representa o devandito equipo. Unha realidade que podemos contrastar a través do Semanario *Erizana* ou *El Pueblo Gallego*, os cales levan a cabo "edicións extras" nas vésperas dos partidos, e que constitúen un acontecemento único na contorna do Val de Miñor:

Aunque este non es un partido decisivo en la competición que se está celebrando, Bajo Miño-Valle Miñor, sí lo es de mucha emoción, de interés y pleno de atractivos para el aficionado miñorano. El ambiente hierve en deseos de presenciar un gran juego. Confiamos en que el Erizana sabrá dejar nuestro pabellón a la altura que se merece; no ignoramos que el Gondomar presentará su equipo de gala en la esperanza de salir victorioso en esta lucha de "eterna rivalidad deportiva"³⁶.



A Palma, 1958. ERIZANA, categoría xuvenil. Partido amistoso contra o Teis de Vigo. Arriba: Tino, Suso, Jaime, Rey Lama, "Grillo", Andrés e Alfredo "Michiva". Abaixo: Paco Núñez, Alfonso Sastre "Chiño", Enrique, Manolo e Ángel Núñez. (Archivo Antonio Pérez)

enfrentamento entre o Vigo e o Fortuna, con posicións políticas opostas, lideradas polas directivas de cada club e apoiadas polos seus socios e seguidores. Para saber máis sobre estes enfrontamentos véxase Domínguez Almansa (2009: 394).

35 Destaca neste sentido a creación do xornal *El Pueblo*, en 1914, cuxo obxectivo fundamental era a loita contra o caciquismo derivado da política local.

36 "Edición Extra" *Erizana*, Semanario deportivo, venres 1 de abril de 1955.



Anos cincuenta. Partido de fútbol no campo da Palma. Os "díaños vermellos" – acaparan a atención de toda a vila. Publicación de Luis Alberto Rey Lama.

Hay gran expectación en todo el Valle Miñor ante el partido que el próximo domingo jugarán en el campo de la Palma los eternos rivales Erizana y Gondomar F. C. Sabemos que gran número de aficionados de todos estos contornos se trasladarán a Baiona para ser testigos de este gran partido. Se espera un lleno total en la Palma, en este encuentro que comenzará a las 5 en punto de la tarde³⁷.

Corroborando a idea da importancia social que adquieren os devanditos enfrontamentos, son notorias as noticias onde se constata que “la demanda de entradas es enorme, y toda la afición espera ver un buen partido, dada la potencia de los eternos rivales”³⁸, ou unha petición por parte do director do Semanario Deportivo, Calero Mariño, dirixido ao Xefe do Movemento de Tranvías Eléctricos de Vigo, onde se fala da insuficiencia do servizo ordinario debido á capacidade de convocatoria que tiñan os encontros disputados entre ambos conxuntos:

Nos tomamos el atrevimiento de recordar al Sr. Jefe del Movimiento de la Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo, La Ramallosa (Bayona-Gondomar) que en el Valle Miñor se está celebrando una competición oficial de Liga, entre los equipos formados en las Zonas Valle Miñor y Bajo Miño. Cuando se enfrentan “los colosos” del Valle (Erizana y Gondomar) el servicio ordinario de tranvías

es insuficiente, necesitándose servicios ordinarios y extras, y a la vez velando por la Compañía para que no pierda intereses, también servicios “extras” de personal “cobrador”, pues el normal es insuficiente para el cobro del billete, como en la tarde de ayer lo pudimos comprobar.

Por tanto, hacemos la observación a fin de evitar espectáculos deplorables que ofrecen los tranvías llenos hasta los topes, las peripecias para subirse o apearse, y el consiguiente perjuicio para la compañía, pues la mayoría de viajeros van gratuitamente, ya que es materialmente imposible que uno sólo o dos cobradores puedan cumplir su misión en recorridos tan cortos y con unos coches llenos de público³⁹.

Tratábase, por tanto, de partidos que servían como vehículo xerador dun gran sentimento identitario, nuns anos nos que a tónica predominante era que o fútbol estivese baixo a tutela do *Frente de Juventudes*. Así acontecía no municipio baionés, onde existe unha Delegación, dirixida por Avelino Ramos, que, dende a súa fundación, pretendía inculcar nos mozos de ambos os sexos consignas nacionalsindicalistas e a educación física e os deportes, á parte da formación premilitar para eles e o ensino do fogar para elas⁴⁰:

En el Hogar del Frente de Juventudes de esta Villa, se están celebrando los campeonatos de ajedrez, billar, ping-pong y damas. El interés que

37 *El Pueblo Gallego*, 31 de marzo de 1955.

38 *El Pueblo Gallego*, 31 de marzo de 1955

39 *Erizana*, Semanario deportivo 7 de febreiro de 1955.

40 Lei Fundacional do Frente de Juventudes, do 6 de decembro de 1940.

han despertado estas competicións, dada a rivalidade que existe entre los muchachos es muy grande; por lo cual, el local donde se realizan estas pruebas, se ve muy concurrido, haciéndose insuficiente. Para la próxima semana si el tiempo lo permite se realizará en la Palma la competición de tiro. Además, el Delegado Local del Frente de Juventudes, a petición de algunos maestros nacionales, estudia la forma de concentrar en el campo de la Palma a los niños de las Escuelas del Municipio dos veces al mes, con el fin de enseñarles ejercicios de gimnasia educativa, física y premilitar, que servirá para los hombres del mañana⁴¹.

Os delegados de Falanxe promovían esporádicos trofeos e aproveitaban as festas para premiar ostentadamente os gañadores dos partidos entre interminables discursos. Mostra diso é o banquete que organiza o Delegado Local do *Frente de Juventudes*, Avelino Ramos, o 5 de xuño de 1955 e o cal aparece recollido nas páxinas de *El Pueblo Gallego*: “con motivo de la victoria del Erizana, nuestro distinguido y buen amigo Avelino Ramos, obsequió con un delicioso lunch al Club Erizana, jugadores de este equipo, directiva del Casino, autoridades y amigos bajo la dirección del hábil “metre” don Herminio Santos Ramos⁴². Era a época das presidencias e dos palcos infestados de autoridades provinciais ou “rexionais” que tentaban tirar o máximo proveito destes eventos deportivos, entre os que o fútbol seguía a ser o máis atractivo.

Con esta finalidade de difundir o fenómeno deportivo entre a sociedade baionesa, vaise crear no ano 1955 o semanario deportivo *Erizana*, editado pola Delegación Local do *Frente de Juventudes* de Baiona e dirixido por Laureano Calero Mariño⁴³ coa colaboración de catro redactores: Héctor Barreiro Troncoso, Pablo Leyenda, Raúl Pazo Eloy e Victorino Goce Carballo⁴⁴. Un grupo de xente nova que vai transmitir un discurso ben distinto do “primeiro franquismo”, de maneira que, lonxe de levar a cabo proclamas patriótico-triunfalistas que caracterizan a década inmediata á finalización da Guerra Civil, recollen a historia daquelas vellas glorias que formaban o antigo Bayona S. C. da década dos vinte e os trinta, lamentando a súa desaparición e incidindo na utilización do deporte como un medio de fraternidade e amizade entre as vilas veciñas:

41 *Erizana*, luns 28 de febreiro de 1955.

42 *El Pueblo Gallego*, 7 de xuño de 1955.

43 Calero Mariño pasa a formar parte da Corporación Municipal o 1 de xuño de 1943, encargándose da Comisión de Beneficencia con tan só 36 anos. “Acta de toma de posesión de novos señores concelleiros para cubrir vacantes na Comisión Xestora” Libro 1941-44, en Libro de Actas del Pleno 1936-1946 (Clasifi. 1.1 N° 55) Arquivo Municipal de Baiona.

44 Trátase de catro persoas con idades comprendidas entre os trinta e os corenta e cinco anos respectivamente e moi activas politicamente. De feito, Raúl Pazo Eloy e Victorino Goce Carballo formarán parte da Corporación Municipal de 1979, representando a UC.D. Libro de Actas del Pleno 1977-1979 (Clasifi. 1.1 N° 59) Arquivo Municipal de Baiona.

El deporte debe unir a los pueblos miñoranos. Unión natural y geográfica existe ya por la coyuntura de un solo Valle Miñor. Unión de almas, corazones, voluntades y esfuerzos de prosperidad es lo que propugnamos a favor de la grandeza de nuestra Vega.

Nuevamente hacemos constar que nuestro semanario no es privativo de un determinado Club, sino que lo consagramos a los tres equipos del Valle (Erizana, Gondomar y Val Miñor), ante el deseo de la unión, hermandad y buena inteligencia. Los equipos y la afición deben combatir en los terrenos de juego con sana deportividad y como verdaderos caballeros del deporte. Otras clases de luchas o violencias entre jugadores y público, las condenamos por denigrar a nuestros pueblos. La amistad y la corrección no están reñidas con el deporte en los campos de fútbol. Fácil es ganar, pero difícilísimo es saber perder, y esto último es lo que hemos de aprender⁴⁵.

Por tanto, estamos ante un semanario deportivo que vai promover un discurso máis “aperturista”⁴⁶, caracterizado por artigos nos que se enaltecen os deportistas da II República española (sen facer alusión á mesma), e onde se dedica un apartado de cada número, titulado “Sinfonía feminina”, á opinión que a muller tivo sobre a última xornada ligueira, chegando a afirmar que “la mujer es tan docta en materia de fútbol como el más entendido de los hombres y naturalmente no podrían faltar la gracia y bellezas femeninas sentenciando los partidos en la Palma”⁴⁷. Unha apreciación un tanto afastada da lóxica franquista da muller, que circunscibía o seu campo ao que xa preconizaban os nacionalsocialistas alemáns na filosofía das “tres K”: Kinder, Küche e Kirche (nenos, cociña-fogar e igrexa). Como ben sinala Gracia & Ruiz (2001),

a la mujer se le asignaron una serie de valores que la predisponían a ejercer sus obligaciones dentro del ámbito privado, dejando la esfera pública para los hombres, que ocupaban la mayoría de altos cargos en la administración, la Iglesia y el ejército. Sus perspectivas de desarrollo se vieron limitadas a la atención del hogar, con el cuidado correspondiente al marido y a sus hijos.

A súa promoción viuse restrinxida, pois non se vía ben que unha muller manifestase intencións de exercer as súas opinións en público, así como desexar escalar posicións nos órganos de poder.

Non era fácil saír dese determinismo ao que foi obrigada por parte do réxime franquista, implícita e explicita-

45 *Erizana*, luns 14 de marzo de 1955.

46 Cando facemos alusión a un “discurso máis aperturista”, estamos a referirnos á diferenza que existe entre o discurso que promoven os redactores do Semanario *Erizana* e o discurso que promoven as dúas revistas máis importantes ligadas ao *Frente de Juventudes*, que son *Mandos e Meta*.

47 *Erizana*, luns 11 de abril de 1955.

mente, marcado polo cumprimento duns estereotipos que determinaron cal era o comportamento apropiado que debía exercer: submisión (ao home) inferioridade intelectual, impresionabilidade e fragilidade:

No podemos deixar de comentar el poco concurso de las chicas bayonesas a intervenir en estas opiniones, pues ya que la mujer es una apasionada más del fútbol, lógico es que tenga su punto de vista también para los partidos celebrados. Sufrimos mucho también cuando nos dirigimos a grupos de señoritas alegres con el triunfo del Erizana, huyen como si fuéramos el “coco”. Sienten miedo: ¿de qué? ¿de hablar?, no pues saben explicarse bien con frases hechas y teóricas del fútbol. Sienten miedo y temor por salir en letras de molde.

Resulta interesante como o deporte foi unha das poucas actividades que o Estado franquista deu practicamente en exclusiva á Falanxe, a cal se apoderou das políticas de sectores modernos, como son o deporte e a mocidade, dous ámbitos novos que tomaran relevancia co xurdimento da sociedade de masas no período de entreguerras. Con todo, no control da vida social tivo sempre a competencia da Igrexa Católica, que se fixo co dominio práctico do ensino, ademais dun omnipresente control da moralidade pública, e que non vai desaproveitar a ocasión de exercer a súa influencia mediante a creación de organizacións deportivas, como foi o caso do Club de Fútbol Xuvenil Erizana.

Á marxe destes dous piares fundamentais dentro do réxime franquista que son Igrexa e Falanxe, e que, como digo, foron moi conscientes da capacidade do fenómeno deportivo como medio de adoutramento e encadramento, tamén o deporte xogou un papel protagonista dentro das relacións de poder a nivel particular. O exemplo máis significativo témolo na figura do industrial baionés José Almuíña Fernández⁴⁸, o cal vai gozar dun gran prestixio e poder social na Vila ao longo da década de 1950, ao ocupar a presidencia das principais institucións: presidente do Club de Fútbol Xuvenil Erizana entre 1952 e 1959, presidente do Casino Recreativo e Patrón Maior da Confraría de Pescadores “A Anunciada”⁴⁹. Estar á fronte dunha organización deportiva cunha capacidade de mobilización social tan elevada como era a do Club Erizana reportaba importantes beneficios persoais no que a cotas de poder se refire, dando acceso a outros cargos, como o de presidente do Casino ou Patrón Maior da Confraría, institucións

48 José Almuíña Fernández, industrial de 64 anos de idade, casado e con residencia na rúa L. Salgado. “*Censo Electoral de 1965*” Censos Electorales 1852-1974 (Clasifi. 3.13. Nº 830) Arquivo Municipal de Baiona.

49 Con Motivo das Festas da Virxe do Carme de 1984, a Confraría de Pescadores de Baiona publica un folleto no cal daba a coñecer a Acta núm. 1 da súa fundación, que databa do ano 1943. Conformaban a súa Xunta de Goberno os seguintes señores: Presidente, Joaquín Pazo Nartallo; Vicepresidente, Policarpo Vilar Ochoa; Secretario Contador, Laureano Calero Mariño; Tesoureiro, José Almuíña Fernández.

que gozan dun enorme peso social e económico, como así o testemuña Vicente Castro: “a Confraría de Pescadores tiña moito poder naquela época... Os Patróns Maiores de Baiona eran toda unha institución”⁵⁰.

Na súa inauguración, a Confraría ocuparía os baixos da rúa de Elduayen, nos cales actualmente se atopa a Cafetería do Hotel Pinzón. Mentres existiu a Cartilla de Racionamento, foi a encargada de despachar os correspondentes víveres a todos os seus asociados e tamén a pagadora do Subsidio Familiar mensual aos mesmos. Ademais, encargábase da organización das Festas da Virxe da Anunciada, “y a tal efecto todos los barcos dejaban un pequeño porcentaje del producto de la venta de las capturas, sacado del monte mayor, por lo que la brillantez de las mismas dependía siempre de que esa cuantía fuera mayor o menor” (Mauricio, 2001: 363).

No que ao Casino Recreativo se refire –actual Liceo Marítimo de Baiona–, tratouse dunha institución cun gran prestixio e tradición histórica. Inaugurado en xullo de 1873, asentou a súa sede social na Casa Correa, tamén coñecida por Casa Salgado, un dos edificios máis artísticos da Vila, que fora construído no século XVIII e que será adquirido en 1943 polo Concello para convertelo en casa Consistorial do Municipio. Comenta Antonio de Mauricio (2001: 370), vogal da súa Xunta, que:

la cuota por los años cuarenta del siglo pasado era de cinco pesetas al mes. Se leían Faro de Vigo por la mañana y con un día de retraso los periódicos de la capital, ABC y Ya. La sociedad por aquella época seguía siendo de élites, pero había llegado el momento que al verse desaparecer por falta de socios para su mantenimiento, no le quedaría más remedio que buscar una solución y esta había sido el que se suprimieran las bolas blancas y negras de las que se hacía uso en el momento que una solicitud de ingreso era sometida a votación. La mayoría del color de las bolas eran las que decidían: las blancas admitido y las negras rechazado. De ahí que entonces se diera vía libre para entrar en el casino en la década de los cincuenta, de manera que de un tirón se hicieron un gran número de socios de todas las condiciones sociales y profesionales, acabando de esta forma con la diferencia de clases [...] En la primera Asamblea General extraordinaria que se celebró para elección de nueva Junta Directiva salió elegido Presidente, por inmensa mayoría de votos, José Almuíña Fernández y este hombre sería el que le daría un gran impulso a la Sociedad, empezando por dotarla de cantina-bar. Su preocupación era tan grande como su altruismo para con el Casino y así un buen día, después de haber adquirido en Vigo, en pública subasta, la finca rústica de Villa Maruxa se la ofrece-

50 Entrevista Vicente Castro (membro da Confraría de Pescadores).



Baiona, A Palma. Invasión de campo nunha eliminatoria de Copa Comarcal entre o Xuvenil Erizana e o Gondomar. Encontro de máxima rivalidade

ría a la Sociedad por lo que le había costado, para que allí se pudieran celebrar las verbenas de verano y para que pasara a formar parte de su patrimonio, cuando tan solo contaba con el mobiliario para jugar y unos pocos libros, por lo que en la Directiva figuraba el cargo de bibliotecario.

O Casino, encabezado por Almuíña Fernández, convertérase nun dos principais lugares de sociabilidade, sobre todo nos meses estivais: “la finca tenía un campo de tenis que ha valido para pista de baile. Se levantó un palco para las orquestas y una pequeña cantina y así se empezaron a celebrar las verbenas de verano que llegarían a reportar buenos beneficios” (Mauricio, 2001: 272). E é que non debemos obviar a atracción turística deste pequeno municipio mariñeiro nos anos cincuenta:

Bayona, la linda villa marinera y veraniega estos meses está materialmente abarrotada de simpáticas familias. Por la tarde el paseo del Rompeolas y la Avenida de Elduayen se ven concurridísimos. Se preparan varias veladas teatrales y bailes en el Casino Recreativo, y esta semana comienzan con gran esplendor las tradicionales fiestas patronales, que presenciarán miles de forasteros de toda la región⁵¹ Siguen contratándose casas y pedidos en el Hotel Anunciada y restaurantes, para familias que este año vendrán a esta localidad a disfrutar del hermoso clima

51 *El Pueblo Gallego*, 22 de agosto de 1950.

y hacer uso de los saludables baños de nuestra Concheira, que tan medicinales son por sus algas yodadas. Seguramente que será un año de gran contingente de forasteros, como así viene ocurriendo y que darán a la Villa alegría, preparándose festejos en su honor⁵².

Por tanto, a modo de síntese, podemos concluir este apartado sinalando a capacidade que o fenómeno deportivo tivo na vila de Baiona como xerador de identidade, como medio de adoutrinamento e encadramento por parte da Igrexa e da Falanxe (*Frente de Juventudes*) e como vehículo de ascenso social a nivel particular. Un caso paradigmático é o do industrial José Almuíña, o cal, servíndose dunha organización deportiva cunha gran capacidade de mobilización social, como é o Club de Fútbol Xuvenil Erizana, logrou converterse na cabeza visible dos principais organismos municipais: Casino-Recreativo e, sobre todo, Confraría de Pescadores.

4. Unha realidade moi distante da retórica oficial: A construción dun campo pechado de deportes.

Se algo caracteriza o réxime franquista, á marxe da súa capacidade de adaptarse a cada momento e a cada situación, o que lle permitiu ser tan lonxevo no tempo e á vez ser tan complicado de definir para a historiografía, foi a enorme diferenza entre a retórica oficial que promulgaba e a realidade. No ámbito local xa quedou patente cando analizamos o problema do ensino ante a escaseza de escolas, e volverá ser

52 *El Pueblo Gallego*, 05 de maio de 1955.

recorrente no ámbito deportivo cuns dirixentes, con Moscardó á cabeza, cun discurso infestado de contradicións e que trata de amosar unha realidade paralela.

A Delegación Nacional de Deportes concretou máis a súa misión e os seus recursos a partir de xuño de 1945, cando o ministro secretario xeral do Movemento, José Luis Arrese, aprobou o Estatuto Orgánico, que apareceu publicado no *Boletín del Movimiento de FET y de las JONS*⁵³, e que serviu para concretar a liña que indicara o decreto de creación da DND de 1941. O devandito Estatuto prevía a celebración anual dun Pleno do Consello Nacional de Deportes, que tiña como misión a posta en común dos representantes das federacións, os dirixentes deportivos das seccións do Movemento e o corpo directivo central da delegación. Non se trataba de asembleas de debate, senón que nelas achegábanse sobre todo a memoria de actividades do ano anterior e só de forma esporádica insinuábase algunha petición. Por outra banda, o delegado e o ministro do Movemento aproveitábanas para difundir as consígnas e reivindicar os éxitos do deporte español.

Os seguimentos destes plenos, como ben indica Santana i Torres (2011: 222), dános unha visión dinámica das preocupacións e dos eixos de actuación das autoridades deportivas españolas, que case sempre viraron ao redor de catro puntos⁵⁴: En primeiro lugar, dar un carácter transcendente á práctica deportiva, cunha forte afirmación española e tinguiduras case místicas, ao que se engadía a denuncia do materialismo e a crítica do profesionalismo. En segundo, a presenza deportiva española no estranxeiro, en especial nos Xogos Olímpicos, valorada tanto dende o punto de vista deportivo como político. En terceiro lugar, as pequenas reformas que se introduciron no organigrama organizativo



XUVENIL ERIZANA, 1950. Por detrás, pódese observar o vello muro -hoxe desaparecido- que rodeaba o Castelo pola Palma. Publicación de Luis Alberto Rey Lama.

53 Produciuse no *Boletín Oficial de la DND*, 28, agosto de 1945.

54 Carlos Santana i Torres: “Espejo de un régimen. Transformación de las estructuras deportivas y su uso político y propagandístico, 1939-1961” en Xavier Pujadas [coord.] (2011): op. cit., p. 222.

que había de establecer o Estatuto Orgánico. E por último, a valoración das melloras materiais –dotación económica, instalacións...- para o desenvolvemento do deporte. O feito de que fosen máis tratados os elementos puramente retóricos e inconcretos, en detrimento dos dous últimos puntos sinalados, é unha boa mostra do estancamento real que viviu a práctica deportiva ata finais da década de 1950, que as autoridades tentaban disimular dando preeminencia ás proclamas ideolóxicas e patrióticas.

O xeneral Moscardó insistiu sempre na potenciación do deporte afeccionado e na crítica ao profesionalismo, pois cría máis conveniente un deporte popular e non elitista, baseado na práctica dos denominados deportes básicos: ximnasia, natación e atletismo. Así o expresou no acto de clausura do IX Pleno do Consello Nacional de Deportes:

“Es necesario que nuestras juventudes se den cuenta de que para llegar a ser algo en cualquier rama del deporte, se hace imprescindible la práctica de los que hay que considerar como básicos, que son Gimnasia, Atletismo y Natación. Son el punto de partida para ser algo en los demás”⁵⁵.

Esta foi unha opción que non se materializou pola falta de políticas de impulso real da práctica deportiva popular e de construción de instalacións. Unha realidade, da que xa se fai eco *El Pueblo Gallego* no seu número do día 17 de febreiro de 1955:

“Ninguno de los tres deportes básicos señalados por el Delegado Nacional ha alcanzado en España la difusión que fuera de esperar. Concretándonos a nuestra región, ni la gimnasia ni la natación han conseguido la difusión ni las facilidades que justamente reclama ahora la voz autorizada del Delegado Nacional de Deportes. Podríamos decir que totalmente inexistente la gimnasia, concretada a algunos –muy pocos- centros docentes y a menos sociedades deportivas; reducidísimo el atletismo, que mantiene el fuego sagrado por el esfuerzo y el sacrificio de un selecto grupo de entusiastas y malparada la natación; que ha de concretarse, por falta de instalaciones, para las que incluso se ponen trabas a las entidades particulares que quieren establecerlas, como en el caso de nuestro Real Club Náutico y su proyectada piscina”.

O discurso de Moscardó estaba condimentado, ademais, cunha crítica ao materialismo deportivo, unha obsesión que non se modificou en todo este período, como demostran as palabras dirixidas polo xeneral ao Pleno de 1955, con dous epígrafes con títulos tan significativos

55 “Discurso de clausura del IX Pleno del Consejo Nacional de Deportes” *El Pueblo Gallego*, 17 de febreiro de 1955.

como “El deporte, en el corazón y, sobre todo, en el alma”, e “El materialismo, mal del siglo”⁵⁶.

Os dirixentes do deporte franquista dispoñían de todo o poder e dicían ter un programa, no cal proclamaban unha fe cega nos valores do deporte formativo, pero en realidade, durante as décadas de 1940 e 1950, o que viviu a súa máxima expansión foi o deporte espectáculo, e se se quere precisar máis, o dominio absoluto do fútbol, que entón si que se converteu definitivamente no deporte rei. As quinielas, instauradas en 1944 como un dos poucos xogos de azar permitidos, situárono aínda máis no centro de atención, e potenciaron en gran medida o seu seguimento por parte dos medios de comunicación. O deporte español era un corpo deforme, cunha base de practicantes mínima, e cunha elite de deporte profesional que crecía sen cesar. Ao mesmo tempo, nas zonas con maior tradición de asociacionismo deportivo, o número de clubs diminuíu con relación á década de 1930 e o seu ritmo de recuperación era lentísimo. A precariedade material de todo tipo motivada por unha longuísima posguerra era unha dificultade evidente; sen a alimentación básica garantida –as cartillas de racionamento continúan funcionando ata 1952– facíase moi difícil practicar deporte, pero sen asociacións e materiais específicos aínda o era máis. Naturalmente, esta situación afectaba de maior maneira ás clases populares, e polo tanto ás súas débiles asociacións. Neste contexto, a DND non impulsaba políticas que afectasen positivamente á práctica deportiva, xa que o seu principal labor seguía sendo o control, e non a potenciación da mesma.

Como exemplo ilustrativo desta situación temos as enormes dificultades que se atopan no municipio baionés durante todo o período franquista e concretamente na década que estamos a estudar, á hora de levar a cabo a construción dun campo pechado de deportes. Unha construción que non se chegará a materializar a pesar das proclamas que vai difundindo o Delegado Nacional de Deportes en diferentes publicacións e nas que afirma que “el deporte debe llegar hasta el último rincón aldeano” xa que

la DND viene facilitando importantes cantidades a clubs y entidades, sin interés de ninguna clase. Ello ha permitido la consecución de obras e instalaciones deportivas de gran importancia, que han transformado, mejorándolas, en todas las provincias gran número de clubs; y lo que es más importante, apenas terminadas unas obras se nos requería para nuevos préstamos, que siempre hemos facilitado. Porque lo más grato de este esfuerzo es señalar el correcto cumplimiento de todos los compromisos. Y eso que hasta ahora los presupuestos alcanzan

56 “Discurso do conde do Alcázar de Toledo”, en Delegación Nacional de Deportes (1955): *Anuario de la Delegación Nacional de Deportes 1955*, Madrid, p.444.

la suma de 28.048.579,73 pesetas. La consigna de nuestro Caudillo es clara: dotar de un campo cerrado hasta el último rincón aldeano⁵⁷.

Na sesión extraordinaria do Concello do 21 de outubro de 1951, ponse de manifesto a necesidade de mellorar o campo de fútbol da Palma, debido ao seu estado lamentable, como consecuencia dunha longa tempada sen fútbol dentro do municipio: “informado el Ayuntamiento del mal estado en el que se encuentra el campo de la Palma, y por cuyo motivo se hace inservible para los fines que fue creado, la corporación acuerda que se proceda a rellenarlo de tierra que cubra la arena que lo inunda, autorizando la alcaldía para dicha obra”⁵⁸. Un arranxo que se faría insuficiente, e que incidiría no gran problema do Erizana, os seus escasos ingresos, debido en boa medida á falta dun campo pechado que obrigase os espectadores a pasar polo despacho de billetes. Así o manifestaba Victorino Goce nunha entrevista levada a cabo por *El Pueblo Gallego* o mércores 23 de marzo de 1977:

El enorme problema del Erizana sería la inexistencia de un campo de fútbol cerrado. Como recordarás, al principio se pasaba la bandeja y más tarde recurrimos a la colocación de lonas alrededor del terreno de juego en la Palma, para que el público pasara por taquilla. Con todo, los ingresos eran exiguos pero a base de enorme sacrificio de los directivos, que hubimos de sudar muchas horas para tener el cierre a punto y después vigilarlo durante el transcurso del encuentro, logramos sobrevivir.

A necesidade dun campo de deportes pechado, expone formalmente no Pleno municipal do 28 de novembro de 1953:

Por el señor alcalde se manifiesta al Pleno la necesidad de que en el término municipal de Bayona, se cuente con un campo de deportes cerrado dándose lectura seguidamente a una carta del Club Juvenil Erizana solicitando que por el Ayuntamiento se le autorice para cerrar el campo de la Palma. El Pleno si bien entiende la conveniencia de que el municipio cuente con un campo de deportes cerrado, entiendo que la propuesta del Club Erizana debe ser considerada con todo detenimiento antes de adoptar un acuerdo; pero con objeto de iniciar las gestiones encaminadas a convertir en realidad de una manera u otra dicha necesidad, acuerda facultar al alcalde para constituir una comisión pro-campo de fútbol, que será presidida por él⁵⁹.

57 *El Pueblo Gallego*, 1 de abril de 1955.

58 “Sesión do 21 de outubro de 1951” Libro 1949-53, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 Nº 56) Arquivo Municipal de Baiona.

59 “Sesión do 28 de novembro de 1953” Libro 1943-57, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasifi. 1.1 Nº 56) Arquivo Municipal de Baiona.

Con todo, dita construción non chegou a cristalizar⁶⁰, como así o corrobora a campaña emprendida polo semanario deportivo *Erizana* no ano 1955: “es necesario propagar la necesidad de un campo cerrado de deportes, persuadiendo y animando a los remisos e indiferentes, para que aporten su concurso, por modesto que sea”⁶¹. Nunha sección titulada “Dialogando con la Palma” o redactor, dunha maneira irónica, conversa co campo e preguntalle⁶²:

- ¿por qué, amigo campo, tienes tantas ganas de que te releven en los deportes?
- ¡Y me lo preguntas! No ves que viejo estoy; tengo reuma, estoy asmático, me duele todo el cuerpo, yo creo que tengo bien ganada mi jubilación.
- Te sobra razón. En efecto estás viejo. Ten un poco de paciencia, te jubilarán, es necesario, con el tiempo todo llega. Hoy tenemos un Semanario que pedirá con mi modesta pluma, un nuevo campo, y tu tendrás hierbas, mucha hierba y las margaritas, para que con ellas jueguen los niños.

A pesar de todas estas peticións, o Estado franquista nunca pensou en investir diñeiro do orzamento ordinario para afrontar esta imperiosa necesidade (construción de campos e instalacións, importación de material estranxeiro...), senón que fiaba o asunto á recadación dun xogo de azar, que eran as quinielas, co cal demostraba o pouco importante que era en realidade a política deportiva para o Estado, pese ao discurso oficial.

Haberá que esperar ao 12 de novembro de 1994 para que o Club de Fútbol Xuvenil *Erizana* conte con este ansiado campo pechado de deportes, a través da inauguración do Estadio de Val de Martín a cargo do por aquel entón presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, acompañado do Alcalde de Baiona, Manuel Vilar Márquez e polo titular da Consellería de Xustiza, Juan M. Diz Guedes (Mauricio, 2001: 466).

Referencias bibliográficas

- COSTAS DUARTE, M. (2011): *El fútbol hizo historia en Candeán: 1937-2010*. Vigo: Edisport.
- DOMÍNGUEZ ALMANSA, A. (2009): *Historia Social do deporte en Galicia, 1850-1920*. Vigo: Editorial Galaxia.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2007): *El apogeo tecnológico del franquismo: estado e innovación en la agricultura española del siglo XX*. Tirant lo Blanch. Valencia.

60 Unicamente se levou a cabo algunha pequena reforma: construción dun muro de defensa entre a praia e o campo e a construción dos laterais da caseta de deportes proxectada no devandito campo. Así consta na “Sesión do 17 de decembro de 1954” Libro 1953-57, en Libro de Actas del Pleno 1946-1964 (Clasif. 1.1 N° 56) Arquivo Municipal de Baiona.

61 *Erizana*, luns 4 de abril de 1955.

62 *Erizana*, luns 21 de marzo de 1955.

- GONZÁLEZ AJA, T. (Ed.) (2002): *Sport y autoritarismos. La utilización del deporte por el comunismo y el fascismo*. Alianza Editorial. Madrid.
- GRACIA, J. Y RUIZ M. A. (2001): *La España de Franco (1939-1975). Cultura y vida cotidiana*. Madrid: Síntesis.
- MANRIQUE ARRIBAS, J. CARLOS (2011). Juventud, deporte y franquismo. El Frente de Juventudes, la Sección Femenina y los Deportes del Movimiento. In XAVIER PUJADAS [coord.]. *Atletas y ciudadanos. Historia social del deporte en España 1870-2010*, Alianza Editorial. Madrid.
- MAURICIO, ANTONIO DE (2001): *Historia de Bayona. Desde tiempos inmemoriales hasta nuestros días*. Ediciones Alen-Miño. Vigo.
- MOSCARDÓ, J. (1941): “El poder educativo del deporte”, *Revista Nacional de Educación*, 1.
- PRESTON, PAUL (2015): *Franco. Caudillo de España*. Debate. Barcelona.
- SANTANA I TORRES, CARLOS (2011). Espejo de un régimen. Transformación de las estructuras deportivas y su uso político y propagandístico, 1939-1961. In XAVIER PUJADAS [coord.]. *Atletas y ciudadanos. Historia social del deporte en España 1870-2010*, Alianza Editorial. Madrid.
- SHAW, DUNCAN (1987): *Fútbol y Franquismo*. Alianza Editorial, Madrid.
- VILAR PEDREIRA, XOSE LOIS (2004): *Baiona nas ondas do tempo*. Edicións Cumio,
- VIZUELA CARRIZOSA, M. (1996): *La Educación Física y el Deporte Escolar durante el Franquismo*. Tesis doctoral, Badajoz.

Referencias que non aparecen no texto

- BOX, Z. (2010): *España, año cero. La construcción simbólica del franquismo*. Madrid: Alianza Editorial.
- CARBAJOSA, C. Y RIAÑO, C. (2009): “Proceso histórico de la incorporación de la mujer española a la práctica del deporte en el primer tercio del siglo XX. Conceptualización a través de la prensa escrita”, en *Citius, Altius, Fortius. Humanismo, Sociedad y deporte: Investigaciones y ensayos*, 2, 1, pp. 23-47.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA FRAGA, S. (2008): *Crónicas y estampas de Baiona la Real*. Pontevedra: Deputación provincial de Pontevedra.
- GONZÁLEZ, T. Y TEJA, A. (2007): “L’image de la femme sportive dans la publicité des années 1920 en Espagne et Italie”, en *Sport and the construction of identities*. Proceedings of the XIth International CESH Congress. Viena: Verlag Turia.
- PEREIRA FIGUEROA, M. A. [dirección] (2010): *Inventario Arquivo do Concello de Baiona. Patrimonio documental da provincia de Pontevedra nº 53*. Deputación Provincial de Pontevedra.
- PUJADAS, X. Y SANTANA, C. (2003): “El club deportivo como marco de sociabilidad en España. Una visión histórica (1850-1975)”, *Hispania, Revista Española de Historia* 214, Vol. LXIII/2, 214, mayo-agosto pp. 505-522.
- PUJADAS, XAVIER [coord.] (2011): *Atletas y ciudadanos. Historia social del deporte en España 1870-2010*, Madrid: Alianza Editorial.
- SIERRA PONCE DE LEÓN, V. (2002): *Historia de Baiona y su patrimonio monumental*. Consellería de Cultura, Comunicación, Social e Turismo. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- VILLARES, R. (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.